

PROGRAMA DA CONVIVENCIA ÖCKERÖ SEGLANDE GYMNASIESKOLA – IESP XOSÉ NEIRA VILAS

24/09, de 16 a 18 h.- Recepción a bordo do galeón Gunilla atracado no porto da Coruña ao alumnado do IESP Xosé Neira Vilas.

25/09, de 10.30 a 14.00 h.- Recepción no noso instituto ao alumnado de Öckero Seglande Gymnasieskola.

28/09, de 08.30 a 12.10 h.- Un grupo de 8 alumn@s suecos que estudian español participarán das clases no instituto emparellados con alumn@s do noso centro.

De 16.10 a 17.55 h.- Repetirase a experiencia da mañá con outro grupo de 8 alumnos.

29/09, de 08.30 a 12.10 h.- Completarase a experiencia cun terceiro grupo de 9 alumnos.

UN CURSO ESCOLAR A BORDO DO GALEÓN GUNILLA

Seglande Gymnasieskola de Öckero (Suecia) programa todos os anos para o alumnado de 2º de bacharelato (16 - 17 anos) un curso escolar a bordo dun barco que da a volta ao mundo.

Este ano iniciaron a súa singladura o día 15 de agosto e chegarán de regreso á illa de Öckerö (a unha hora de viaxe da cidade de Göteborg) o 22 de xuño.

A bordo viaxa un grupo de 44 alumn@s dos que 25 estudian español como terceira lingua.

O Gunilla chegará ao porto da Coruña o día 24 de setembro procedente de Cherburgo (Francia) e parte o día 29 con dirección a Lisboa (Portugal).

Xunto á convivencia que realizarán co IESP Xosé Neira Vilas, o grupo sueco desprazarase o día 26 a Santiago de Compostela para realizar a parte final do Camiño de Santiago.